

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 3 DE MARZO DE 2008

LICENZAS

FAVORABLES.-

2424/07.- Inmobiliaria Paxonal, S.L.- Derruba edificacións sitas nos números 20-22, 26-28-30-32 e 34 da Rúa da Raxeira, sitas nas parcelas números 54, 55, 57, 58, 59, 60 e 61 do PERI de Outeiro.-

2083/06.- José Bastón Nieto.- Construción duha nave, sen uso determinado, na parcela B-3 do SUNP-34 de Boisaca.-

DEVOLUCIÓN DE FIANZAS.-

376/08.-Isaura Otero Vigo.-Expte...10/02.....1.370 €.-

300/08.-Luís Lugo Otero.-.....Expte 2417/03.....7.000 €.-

265/08.-M^a Nieves Gómez Miramontes.-.....Expte... 1871/03.....2.000 €.-

211/08.-José Luís Castro Zaera.-.....Expte..1861/04.....1.500 €.-

201/08.-Construcciones Vilamiño.-.....Expte..4/04.....12.000 €.-

175/08.-Guadalupe Suárez Alonso.-.....Expte..1447/03.-.....5.337,00 €.-

88/08.-RosaMoure Vieiro.-.....Expte.....1075/05.....2.250 €.-

APERTURAS.-

Lap/159/07.- Fibra y Sistemas, S.L.- Apertura empresa de servizos de comunicacións no Polígono de Costa Vella, Amio, SUNP-37. 1º Sector, parcela 8.-

Lap/508/2006.-Jesús Fraga Fraga.- Apertura cafetería en Avda. Barcelona núm.4 (Praza de Pascual Veiga, Galerías, Local 8).-

OCIHR

LICENZAS

DENEGADAS.-

LIC/2348/2007.- VERDE URBAN GALICIA S.L.- Construcción dunha vivenda familiar illada nas Casas do Vento nº 19.-

DEVOLUCIÓN DE FIANZAS.-

LIC/2349/2007.- JESÚS REY FANDIÑO.- Accederá devolución de fianza depositada en garantía da licenza de acondicionamento de faiado para ampliación de vivenda na Rúa de Sar nº 57 (importe 600 €.)

DISCIPLINA.-

DIS/502/2007.- desestimación de alegacións da resolución de expediente sancionador por infracción á ordenanza local de ocupación vía pública con mesas e cadeiras.

6.- Proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.

Apróbanse dúas axudas por importe de 1.750 euros.

7 a 110.- Proposta do concelleiro delegado de facenda e orzamentos relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica e no imposto sobre bens inmobles.

Apróbanse os devanditos beneficios fiscais.

111.- Aprobación de actas de cesión de terreos para a execución do proxecto de "Beirarrúas en Vite de Arriba".

Apróbanse as actas de cesión de terreos de dous propietarios para a execución do devandito proxecto.

112.- Proposta da concelleira delegada de persoal relativa á resolución de recursos de reposición interpostos contra acordo de aboamento da paga de produtividade correspondente ao segundo semestre do ano 2007.

Resólvense os recursos.

113.- Ratificación da cesión dunha praza do aparcamento Ponte Castro-A Rosa.

Ratifícase a devandita cesión.

114.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación das bases e orzamento da convocatoria da sexta edición dos Premios Educacompostela.

Apróbanse as bases para a sexta edición dos premios Educacompostela e un orzamento de 4.500 euros. O prazo para a presentación dos traballos será ata o 30 de xuño de 2008.

115.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á solicitude de cesión ao BANTEGAL da masa común número 906 da concentración parcelaria de Nemenzo-Marantes.

Acórdase solicitar ao BANTEGAL a cesión gratuíta a favor do Concello de Santiago da titularidade da masa común número 906 da concentración parcelaria de Nemenzo-Marantes para destinala a campo de festa e outros usos públicos acordes á súa natureza urbanística de zona libre e espazo de uso público.

116.- Proposta da alcaldía relativa á resolución de alegacións formuladas no trámite de información pública do expediente de expropiación do inmovible "Casa do Cabildo".

Acórdase estimar parcialmente as alegacións presentadas en canto ao recoñecemento da titularidade dos bens e dereitos afectados, á descrición física e medición dos inmovibles, á remisión da valoración dos inmovibles á comisión de expertos e á fixación das indemnizacións que procedan. Rexéitase o resto de alegacións.

117.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa ás modificacións a incorporar no Plan de sectorización do solo urbanizable non programado número 26 (Munín) en cumprimento do informe da Dirección Xeral de Urbanismo.

Requírese da sociedade promotora que incorpore ao plan de sectorización do SUNP-26 as modificacións e xustificacións necesarias para o cumprimento do informe da Dirección Xeral de Urbanismo.

118.- Proposta de gasto do concelleiro delegado de Festas relativa á celebración da festa da Uña.

Apróbase un orzamento de 5.940 euros para a celebración da Festa da Uña.

119.- Proposta do concelleiro delegado de Transportes relativa á revisión de tarifas do transporte urbano.

Mantéñense as tarifas vixentes. (Billete ordinario: 0,90; billete escolar: 0,55; bono ordinario: 0,55; bono escolar: 0,40; bono mensual: 26 euros).

120.- Proposta do concelleiro delegado de Mercados relativa á aprobación do convenio entre o Concello, o Ministerio da Vivenda e a Consellería de Innovación e Industria para a remodelación do Mercado de Abastos.

Apróbase o devandito convenio que recolle a seguinte distribución de anualidades e cantidades:

ADMINISTRACIÓN	2008	2009	TOTAL
Ministerio de Vivenda	1.367.605,63	1.163.038,82	2.530.644,45
Consellería de Industria	568.142,89	568.142,89	1.136.285,78
Concello de Santiago	683.802,82	710.555,85	1.394.358,67
TOTAL	2.619.551,34	2.441.737,56	5.061.288,90

121.- Prórroga do contrato de Prestación do servizo de colaboración na xestión integral dos expedientes sancionadores por infraccións contra a normativa de tráfico vial urbano.

Prorrógase o devandito servizo polo prazo dun mes

122.- Dar conta da sinatura da addenda ao convenio de cooperación entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello para a creación de tres escolas infantís 0-3 municipais integradas na Rede Galega de Escolas Infantís 0-3 (Galescolas).

Dáse conta da sinatura da devandita addenda.

URXENCIAS.-

1.- Adxudícase o servizo de inspección e verificación do funcionamento dos contedores soterrados para recollida de residuos sólidos urbanos á empresa APPLUS NORCONTROL, SLU, por importe de 28.979 euros.

2.- Denomínanse novas rúas.